

Antes de nada os nosos parabéns a todos os grupos clasificados para a Final.

Como sabedes será o venres 28 de Maio na Coruña.

Cada equipo virá acompañado do seu profesor ou persoa en quen delegue. Se fose algún distinto do que está inscrito, pregámoslles que nos envíen os seus datos canto antes.

Os alumnos virán identificados co seu DNI, ou acreditación proporcionada polo centro.

A presentación terá lugar ás 10,30 na Facultade de Ciencias da Educación da Coruña, na entrada pola que está a conserxería, non pola porta da cafetería. Neste porche recibiremos ao alumnado e profesorado.



Este curso , debido ás restricións que impón a pandemia, faremos a visita cultural ao Castro de Elviña, que está preto da Facultade, e poderemos ir camiñando ao aire libre. En todo momento haberá que respectar as medidas sanitarias necesarias que se indiquen.

Despois faremos a comida na Facultade, as mesas serán de 4, o grupo de alumnos e máis o seu profesor.

Se hai algún problema de alerxias-intolerancias, rogamos nolo comuniquen canto antes, para avisar no restaurante.

Ás 16:30 será a entrega de diplomas e recordos, e comunicación dos gañadores. Esta vez non é posible a asistencia de público.

Os integrantes dos equipos que queden clasificados en primeiro e segundo lugar serán os que participen na Olimpíada Nacional Alevín, que se celebrará o día 26 de xuño, sábado na Coruña.

Para calquera dúbida poden escribir a este mesmo enderezo de correo electrónico.

Un saúdo e ata o día 28.